



NOTA DE PRENSA

Expertos médicos aseguran que os tratamentos termais melloran a saúde dos nenos con patoloxías respiratorias

Tamén se mellora a calidade de vida dos menores afectados por dermatite atópica ou psoríase, evitando o abuso de corticoides

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017 (Vía Láctea Comunicación).- No marco da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, o balneario de Caldelas de Tui acolle esta fin de semana unhas xornadas sobre a importancia da balneoterapia para tratar patoloxías respiratorias e dermatolóxicas en nenos e adolescentes. Un grupo de futuros médicos coñecerán o valor terapéutico das augas mineiromedicinais en relación a estas doenzas. As xornadas comezan mañá venres pola tarde e prolongaranse durante a mañá do sábado.

O doutor **Elías Festa Cayuela**, director médico do balneario de Caldelas de Tui, explica que as patoloxías de tipo respiratorio máis habituais que adoitan tratarse nos balnearios no caso dos nenos son a rinite alérxica, a asma infantil e a bronquiolite. “Despois do primeiro tratamento termal apréciase unha gran melloría nos pequenos, co que se consegue reducir a súa asistencia continuada aos servizos de urxencias médicas, ao tempo que se facilita o seu proceso de maduración” -asegura-. Segundo os datos aportados polo doutor **Festa**, aproximadamente o 40% dos pacientes que recibe o balneario de Caldelas de Tui son nenos.

Os expertos médicos indican que, para que os tratamentos termais sexan eficaces de cara a combater este tipo de patoloxías respiratorias, cómpre unha sesión diaria durante 9 días. En cada unha destas sesións aplícanse varios tratamentos en función da doenza e das características do paciente. O tipo de augas que se empregan para abordar as enfermidades do aparato respiratorio son as sulfuradas e as clorudadas, que se aplican a través dunha serie de técnicas, en particular inhalacións, aerosois e duchas nasais.

En relación aos problemas na pel, lógrase mellorar a calidade de vida dos menores afectados por dermatite atópica ou psoríase. Evítase así o abuso do tratamento farmacolóxico con corticoides, un medicamento con fortes efectos secundarios pouco recomendables na etapa de crecemento infantil.

As xornadas comezan mañá venres cun percorrido polas instalacións do balneario a partir das 17:30 horas. De seguido o doutor **Elías Festa** abordará a historia do balneario de Caldelas de Tui e afondará nas bases científicas do termalismo. Logo a pediatra **María José Domínguez Otero** explicará as aplicacións do termalismo na idade pediátrica e a xornada rematará cun coloquio. O sábado pola mañá os futuros médicos coñecerán a importancia da historia clínica termal e en que casos debe prescribirse o tratamento con augas mineromedicinais para abordar certas doenzas. Logo participarán nun taller termal, onde terán a oportunidade de coñecer as técnicas que se aplican no balneario.